

Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Marco non respondeu. Porque, de facelo, ía ter que recoñecer que non, que non entendía nin unha palabra. Cando menos non aquilo das palabras cheas de salitre. O outro si. Para que era o astrolabio si que lle quedara ben claro. Non era tan parvo. Para orientarse polas noites dentro do mar. Para poder decidir unha ruta de navegación cando non hai costa para ter un punto de referencia. Cambioulo de man manténdoo na mesma postura, seica a correcta, na que o estranxo lla puxera antes.

Malia todo, Marco concluíu que aquel aparello non tiña, desde logo, aspecto de libro. Era suave e brillaba. Os poucos libros que algunha vez vira eran grandes e engurrados.


—Se te fixas, ten dúas esferas que xiran unha sobre a outra se as moves. Fíxate. Así. Xiran sobre un eixe interior. Repara en como esta vira á dereita e estoutra á esquerda ao mesmo tempo—. Marco abriu, sen se decatar, un chisco a boca, apampado, como fan os cativos cando lles contan un conto—. Con isto e un pouco de práctica podes calcular a túa posición no mar e a distancia aproximada que hai á terra só con apuntar cara á Polar—, e daquela ergueu a vista cara ao ceo veneciano, como procurando a estrela Polar para facerlle alí mesmo una demostración. Pero era mediodía—. Na noite saen as estrelas e con isto —colleuno e púxoo preto do ollo esquierdo mentres pechaba o derecho—, tes un guieiro infalible para non te perder no océano.

Sorriu, como satisfeito da súa explicación. Despois, devolveullo de novo ao soldado. Marco, agora, acariñaba o astrolabio como se acariña un obxecto moi valioso.

—De que me coñeces?

O home volvreu sorrir.

—Coñézote de nada e en realidade coñézote de moito. Coñézote, sobre todo, de verte moitas veces por aquí, sentado nestas mesmas escaleiras nas que agora estamos, esculcando o mar e os barcos. Estás tan atento a eles que nunca reparaches en min que, coma ti, tamén paso moito tempo neste mesmo peirao. Mais eu non esculco o mar nin os barcos. Eu sento a lembrar a miña vida de viaxeiro.



Francisco CASTRO

Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Quen conta a historia?

- Quen son os personaxes da historia?

- Onde se desenvolve?

- Resume o relato coas túas propias palabras.

2. Busca as seguintes palabras no dicionario e anota o seu significado: astrolabio, salitre, parvo, esculcar e peirao.

3. Busca no texto palabras que pertenzan ao campo semántico do mar e engade ti algunha máis.

4. O fragmento remata así: «*Eu sento a lembrar a miña vida de viaxeiro*». Como cres que continuará a historia? Escribe no teu caderno un breve texto como se fose a continuación deste fragmento.

Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Define o seguinte.

- Os parónimos:

- Os heterónimos:

6. Das seguintes parellas de palabras, indica cales son parónimos e cales heterónimos.

- Nora-xenro: _____
- Adaptar-adoptar: _____
- Especia-especie: _____
- Verde-vermello: _____
- Actitude-aptitude: _____
- Inserir-inxerir: _____
- Xeneral-capitán: _____
- Home-muller: _____
- Xesta-sexta: _____
- Sono-soño: _____



7. Escribe un pequeno texto no empregues cinco heterónimos e cinco parónimos do exercicio anterior.

Unidade 5. Comentar ditos e refráns

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

8. Contesta a seguinte pregunta.

- Que diferenza hai entre unha biografía e unha autobiografía?

9. Escribe a túa autobiografía e debúxate.

